Programa de Desenvolvemento Estratéxico



Facultade de Comercio

Período de validez do Programa: 2022-2026

Data de aprobación: 19/12/2023

Facultade de Comercio
Universidade Vigo

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

Índice

Presentación..... 3

Participantes 5

Antecedentes 5

Diagnose da situación do centro e as titulacións..... 6

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa 11

Facultade de Comercio
Universidade Vigo

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

Presentación

Neste Programa de Desenvolvemento Estratéxico (PDE) da Facultade de Comercio plásmase o resultado dun proceso de reflexión colectiva e participativa, cun claro compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua do centro e da formación impartida no mesmo, asemade a investigación e a transferencia. Esta reflexión faise dende a identidade deste centro, forxada ó longo de máis de cen anos de historia, coa continua motivación de ofertar unha proposta formativa sostible, humanista e en estreita conexión coa contorna, e en particular co tecido social e económico de Galicia, pero cunha clara orientación internacional.

Este PDE toma como marco de referencia o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (aprobado polo Claustro o 16 de decembro de 2020), no cal queda recollida a misión e visión da nosa Universidade como "...unha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostenibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia." A Facultade de Comercio, como un dos centros máis antigos, e un dos xermes desta Universidade, alinease coa misión da Universidade e coas súas liñas estratéxicas e obxectivos da nosa institución. A Facultade de Comercio do Campus de Vigo conta cunha traxectoria de máis de 100 anos (1920-2023) formando profesionais do ámbito empresarial e os seus principios de actuación enmárcanse na procura da excelencia, a innovación, o dinamismo e a adaptabilidade ós cambios, a orientación internacional, a defensa da igualdade e o respecto à diversidade.

A Facultade de Comercio é moito máis que un edificio singular. É, esencialmente, un colectivo humano, formado por un elenco multidisciplinar de profesorado, un equipo de PAS dedicado, e un alumnado cuxa formación é, *in fine*, a razón de ser desta institución de cara à sociedade. Ao longo dos últimos quince anos a Facultade de Comercio desenvolveu un Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) eficiente e consolidado, que permitiu enfocar os nosos retos e avaliar a súa consecución, xerando na nosa comunidade unha verdadeira cultura de calidade. Por iso, este PDE é, en grande medida, o froito deste compromiso coa calidade, e do desenvolvemento do noso SGIC, clave para definir os obxectivos, estratexias de intervención e accións de calidade que aquí se recollen.

Este PDE-da Facultade de Comercio estruturase arredor de tres eixos estratéxicos. O primeiro céntrase en seguir co fortalecemento e necesaria evolución das titulacións ofertadas, en resposta ós novos retos sociais, económicos e culturais**.** A Facultade de Comercio xa foi pioneira en eidos como a mobilidade internacional, a incorporación das prácticas en empresa, a oferta de formacións en liña, ou de dobres titulacións internacionais. Nos últimos anos fíxose un esforzo de integración das dimensións docente, investigadora, e socio-cultural que se entretecen no centro, acollendo, e establecendo pontes entre proxectos de investigación, eventos culturais, e formación académica. A actualización continua que requiren os plans de estudo tamén é un aspecto fundamental que xa se leva desenvolvendo dende os inicios deste centro. A Facultade ofrece tres titulacións singulares no Sistema Universitario de Galicia, titulacións que teñen acadado un importante prestixio de cara ás empresas. Con todo, somos conscientes da necesidade de seguir cos labores de información e promoción da súa oferta formativa, focalizándose no alumnado, o profesorado e as persoas responsables de orientación de Bacharelato e Formación profesional, xa que aínda existe un certo descoñecemento e confusión desta oferta no seo destes colectivos, especialmente no que se refire ao Grao en Comercio.

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

O segundo eixo é a atención á igualdade e á diversidade, que tamén inclúe a internacionalización e a atención a multiculturalidade, obxectivo recollido no Plan Estratéxico da Universidade de Vigo. Pretendemos seguir avanzando cara á consecución dunha Facultade internacional, accesible, acolledora e integradora tanto para PDI, como para PAS e alumnado. É un orgullo para a Facultade de Comercio recibir cada ano estudantes de diferentes países do mundo. E se a maioría veñen no marco dun intercambio de duración limitada, cada vez hai máis que o fan coa intención de realizar unha formación universitaria completa no centro, sexa grao, sexa mestrado. Pretendemos seguir mellorando o noso atractivo con accións de información e promoción neste sentido, así como facilitar o acceso e a integración deste alumnado nos estudos que acometan. A igualdade de xénero ten sido unha preocupación constante na Facultade de Comercio. Nos últimos anos desenvolvéronse múltiples actuación neste sentido, e pretendemos continuar con este labor. Neste senso, a Facultade ten un claro compromiso no cumprimento das condicións necesarias para obter o distintivo de igualdade da Universidade de Vigo.

Se os dous primeiros eixos enfócanse en aspectos máis internos da Facultade de Comercio, o terceiro eixo focalízase nun aspecto ineludible e crucial para a FC, e para toda a Universidade: a relación coa sociedade, e máis especificamente co tecido económico e empresarial. Esta Facultade forma profesionais no eido da empresa e os negocios. Por iso, a súa conexión coa sociedade é un aspecto fundamental da súa idiosincrasia. Isto foi un dos eixos fundamentais do centro dende a súa fundación, e durante toda a súa historia centenaria. Tanto, que se podería dicir que está no seu xenoma. A Facultade de Comercio colaborou e colabora con centos de empresas e organismos públicos e privados, que acollen ó seu alumnado para realizar prácticas ou visitas, que participan en eventos celebrados na nosa sede, colaboran en actividades formativas, e que piden a nosa colaboración para os seus eventos, para formacións específicas, ou para difundir ofertas de emprego entre as persoas egresadas. Acollemos ademais o programa de maiores da Universidade de Vigo desde o seu comezo e recentemente o temos incorporado ao catálogo de titulacións da Facultade. Tivemos durante décadas unha estreita relación co Colexio de Titulados Mercantís e Empresariais, que outorgaba a insignia ao alumnado que remataba os seus estudos e un premio aos mellores expedientes. No seo da Facultade , xurdiu tamén o Club Mercurio, con PDI, PAS e estudantes xa xubilados. A Facultade de Comercio pretende seguir con esta colaboración, estreitando se cabe os lazos con empresas, asociacións empresariais, cámaras de comercio e outros organismos e institucións.
A continuación, preséntase o proceso seguido para a súa definición, comezando pola exposición dos colectivos e persoas participantes, a metodoloxía seguida para o seu deseño, os resultados da avaliación reflexiva inicial, a misión e a visión da Facultade, para finalizar coa definición das liñas de actuación e o establecemento dos obxectivos a alcanzar.

Non podemos finalizar esta presentación sen render homenaxe a todas as persoas que, sexa como docentes, PAS ou estudantes, formaron nalgún momento parte deste proxecto ao longo dos máis de 100 anos de historia, e fixeron da Facultade de Comercio o que é hoxe.

Facultade de Comercio
Universidade Vigo

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

Participantes

DECANA	Consuelo Currás Valle
SECRETARIA E COORDINADORA DE CALIDADE	Mª Jesús Barsanti Vigo
COORDINADORA DA TITULACIÓN	Carmen Padín Fabeiro
COORDINADOR/A MESTRADOS	Pablo Cabanelas Lorenzo Ángeles Sandoval Pérez
ENLACE DE IGUALDADE	Araceli González Crespán
REPRESENTANTE DO PROFESORADO DE GRAO E MESTRADO	Jacinto González Dacosta José Martín-Casal García
REPRESENTANTE DO PROFESORADO DE GRAO E MESTRADO	Ana Isabel Sinde Cantorna Emilio García Roselló
REPRESENTANTE DO ESTUDANTADO	Luis Ignacio Cortez Angola
REPRESENTANTE DOS EGRESADOS	Pablo Jesús Castelao Balboa
ADMINISTRADOR DO CENTRO	José Groba González
REPRESENTANTE DA SOCIEDADE	Manuel Sánchez Rodríguez

Antecedentes

En maio de 2008, a Área de Calidade da Universidade de Vigo creou o procedemento PE-01 que define e revisa a política e obxectivos de calidade do SIGC dos centros. O 26 de xuño de 2012, a Unidade de Estudos e Programas creou o procedemento DE01-PR01 "Planificación e desenvolvemento estratéxico" do sistema de calidade do ámbito de xestión. Posteriormente, en novembro de 2014, á Área de Apoio á Docencia e Calidade levou a cabo o desenvolvemento deste procedemento, que integra e substitúe ó procedemento DE01-PR01 mencionado anteriormente.

A elaboración do PDE-da Facultade de Comercio seguiu o procedemento DE01-05 "Programación e desenvolvemento Estratéxico", tomando como punto de partida o Plan Estratéxico da Universidade (2021-2026), e as especificidades e características distintivas da Facultade (antecedentes, identidade propia, fortalezas, debilidades, oportunidades, ameazas). Os traballos de preparación do PDE da Facultade de Comercio comezaron o 20 de outubro de 2023, coa aprobación na comisión permanente dunha comisión para a elaboración do PDE- da Facultade.

A partir de ese momento, a comisión reuniuse periodicamente para ir acadando os consensos necesarios para a elaboración das liñas estratéxicas e redactar o programa final de forma colexiada.

O proceso finalizou coa súa validación na Comisión de Calidade do Centro, e a aprobación definitiva pola Xunta de Facultade o 15 de decembro de 2023. Unha vez aprobado, o PDE publicouse na páxina web da Facultade.

Facultade de Comercio
Universidade Vigo

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

Diagnose da situación do centro e as titulacións

A diagnose da situación actual da Facultade de Comercio e da súa contorna fíxose mediante unha análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades). Esta diagnose é un elemento clave para definir posteriormente as liñas estratéxicas do noso centro e os obxectivos e metas a acadar, sacando partido das nosas fortalezas para superar as debilidades, detectar e controlar o impacto das as ameazas, e aproveitar as oportunidades. Na seguinte táboa preséntase unha síntese desta análise.

Dimensión Interna

Debilidades

1. O limitado coñecemento que ten o alumnado preuniversitario do Grao en Comercio.
2. A taxa de retención no grao é mellorable.
3. Falta de implicación do alumnado na vida do centro, así como escasa participación nas actividades promovidas dende a Facultade.
4. A limitación de recursos para por en marcha unha oferta formativa en inglés máis ampla.
5. Un porcentaxe apreciable do profesorado ten que compartir docencia con outros centros.

Fortalezas

1. Un centro a escala humana, áxil e adaptable, situado no centro da cidade.
2. Un cadro de persoal docente e investigador, tanto fixo como asociado, altamente cualificado e con capacidade de adaptación a futuros cambios.
3. O prestixio histórico e a excelente relación da facultade co tecido empresarial galego.
4. Unha oferta de titulacións única en Galicia, adaptada ás demandas das empresas, e cun altísimo nivel de empregabilidade.
5. Un grao cun plan de estudios recentemente actualizado.
6. Dous mestrados entre os máis demandados da Universidade de Vigo con alta presenza do alumnado extranxeiro.
7. Experiencia na formación en liña.
8. Unha oferta de dobres titulacións internacionais única en Galicia.
9. A inclusión das prácticas obrigatorias en tódalas titulacións.
10. A elevada cohesión e sentido de pertenza do alumnado, o PDI e o PAS da facultade, tanto presente como pasado.

Dimensión Externa

Ameazas

1. A presión para adecuar de forma rápida a oferta formativa a un sector en permanente transformación, notablemente da man das tecnoloxías do dixital.
2. A necesidade de adaptación continua a un mercado laboral cambiante e que demanda unha formación ao longo de toda a vida.
3. A progresiva diminución do presuposto do centro.

Torrecedeira, 105 Tel. 986 813 748 fcomercio.uvigo.es
36208 Vigo Fax 986 813 746 fc.alumnado@uvigo.es

4. O incremento da competencia entre as universidades, tanto públicas coma privadas, así como cos ciclos formativos de FP, para captar alumnado, acentuado polo contexto demográfico previsto a medio prazo.
5. A crecente oferta de formacións en liña.
6. Escasos incentivos para o PDI para asumir tarefas de xestión e coordinación.

Oportunidades

1. A existencia dun importante tecido empresarial na contorna da Facultade de Comercio da Universidade de Vigo.
2. A crecente necesidade de formación continuada ao longo da vida, tanto presencial como en liña.
3. A necesidade de innovación e adaptación constantes intensificará a relación universidade-empresa.
4. As taxas públicas dos títulos oficiais da Universidade de Vigo son moi atractivas.
5. A iniciativa de universidades europeas da UE, que pode facilitar a captación de alumnado estranxeiro, a xeración de ofertas formativas interuniversitarias, e de novas dobres titulacións.
6. Titulacións orientadas a un sector que mantén un alto nivel de empregabilidade.

Misión: A misión da Facultade de Comercio está enfocada cara a unha formación académica integral do alumnado que permita acadar unha masa crítica de profesionais cualificados e especializados que cumpran coas necesidades e requirimentos dos campos relacionados coa profesión no eido do comercio. Así mesmo, a Facultade de Comercio aposta de xeito decidido pola investigación e o desenvolvemento de calidade, así coma a transferencia de resultados, o cal permite contribuír á xeración de coñecemento e á mellora da súa contorna socioeconómica.

Visión: A Facultade de Comercio é un centro público, esencialmente de natureza presencial que imparte formacións de grao e posgrao no ámbito do comercio. É herdeiro dunha historia centenaria de excelencia, vocación de servicio e pluralidade. A súa visión é a de seguir dando resposta á crecente demanda de profesionais xerada pola actividade comercial, que requiren competencias e habilidades específicas, diferentes das requiridas noutros ámbitos da empresa, asumindo un contexto socioeconómico cada vez máis globalizado, competitivo, aberto e cambiante. O comercio é considerado o motor de crecemento da economía producíndose unha relación dinámica entre crecemento e apertura das economías cara ao exterior dando lugar á internacionalización do comercio e por tanto a expansión e o crecemento dos negocios dun país. Neste sentido, é necesario contar cunha preparación que permita abordar todo o campo do tráfico mercantil desde o deseño estratéxico dos negocios ata os diferentes instrumentos que fan posible as transaccións comerciais, tendo en conta a crecente complexidade das relacións do comercio e a aplicación das novas tecnoloxías. Máis aló da formación técnica, creemos esencial transmitir ao noso alumnado uns valores éticos, unha visión de igualdade, tolerancia e pluralidade, que deben estar presentes tanto no seu exercicio profesional como na súa convivencia en sociedade.

Facultade de Comercio
Universidade Vigo

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liñas estratéxicas do centro	Obxectivos de calidade do centro
EE1- Fortalecemento e evolución das titulacións ofertadas, en resposta ós novos retos sociais, económicos e culturais.	**Obxectivo 1.** Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna **Obxectivo 3**. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna **Obxectivo 8.** . Impulsar a colaboración público-privada **Obxectivo 26**. Captar alumnado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria	**LEE1.1-** Manter e fortalecer unha oferta de títulos de grao e mestrado actualizada e ligada ás necesidades e expectativas da sociedade, en estreita conexión co tecido económico e empresarial da contorno	Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade. Realizar accións de promoción do centro e as súas titulacións na súa contorna. Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos mais relevantes manténdoos en limiares apropiados. Certificación da implantación do SGC do centro
		LEE1.2- Mellorar a imaxe e visibilidade da oferta formativa do centro e captar alumnado co perfil axeitado	Realizar accións de promoción do centro e as súas titulacións na súa contorna. Promover o centro a nivel internacional, buscando obxectivos apropiados. Manter un nivel de novos ingresos de alumnado acorde ao número de prazas ofertado.

Facultade de Comercio
Universidade Vigo

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liñas estratéxicas do centro	Obxectivos de calidade do centro
EE2- Atención á igualdade, diversidade, multiculturalidade e internacionalización	**Obxectivo 2.** Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna **Obxectivo 5**. Impulsar a internacionalización e a multiculturalidade **Obxectivo 6.** Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo **Obxectivo 24.** Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria	**LEE 2.1-** Avanzar na construción dunha facultade que promova a igualdade, a pluralidade, e a diversidade, como valores éticos universais, e como parte da deontoloxía dos e das profesionais do comercio.	Actividades complementarias orientadas a promover a toma de conciencia respecto da igualdade e a diversidade Promover a inclusión da perspectiva de xénero e diversidade na formación de grao e posgrao Levar a cabo as accións necesarias para obter e manter o distintivo de igualdade
		LEE 2.2- Avanzar na dimensión internacional e multicultural da facultade, en resposta a un mundo globalizado, a crecente internacionalización das relacións socioeconómicas, e a diversidade e a multiculturalidade no seo das empresas	Promover a mobilidade internacional propia e allea de alumnado, PDI e PAS Promover o centro a nivel internacional, buscando obxectivos apropiados. Aumentar a captación de alumnado estranxeiro. Aumentar a oferta de destinos internacionais dispoñibles para mobilidade. Manter a oferta existente de dobres titulacións, e estudiar a posibilidade de incorporar outras.

Facultade de Comercio
Universidade Vigo

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liñas estratéxicas do centro	Obxectivos de calidade do centro
EE3- Relación coa sociedade, en particular co tecido económico e empresarial	**Obxectivo 2.** Desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do alumnado **Obxectivo 3.** Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna **Obxectivo 4.** Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado. **Obxectivo 6.** Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo	**LEE 3.1-** Desenvolver mecanismos que permitan coñecer as necesidades dos grupos de interese, e deseñar accións para atender estas necesidades no marco das titulacións e o centro **LEE 3.2.** Promover a participación na elaboración de informes e a celebración de eventos de carácter socioeconómico dirixidos á sociedade	Estreitar vínculos con organizacións, asociacións e *clusters* empresariais, así como con organismos públicos relacionados co mundo da empresa Desenvolver mecanismos para manter o contacto coas persoas egresadas e a súa participación no centro Ofertar formacións propias, e en colaboración con entidades externas, orientadas à formación profesional continua Aumentar as colaboracións con empresas para as prácticas académicas e outros aspectos da formación do alumnado Desenvolver proxectos cooperativos nacionais e internacionais de convocatorias europeas. Identificar e apoiar aos grupos de investigación asociados ao centro. Fomentar a realización de eventos de transferencia e divulgación dirixidos á sociedade en xeral ou a público técnico en particular.
		LEE 3.3- Acadar un compromiso de mellora continua coma norma de conducta, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade	Promover a formación continua do PDI e do PAS Avanzar no SGC do centro, e mellorar os indicadores de calidade

Facultade de Comercio
Universidade Vigo

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748
Fax 986 813 746
fcomercio.uvigo.es
fc.alumnado@uvigo.es

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa

O programa:

DATA	EVIDENCIA	AXENTES IMPLICADOS	ACCIÓNS DESENVOLVIDAS E ACORDOS ACADADOS
20 / 10 / 2023	20 / 10 / 2023	Comisión Permanente da Facultade de Comercio	Aprobar a composición da comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio
23 / 10 / 2023	Acta da Comisión Permanente da Facultade de Comercio	Comisión Permanente da Facultade de Comercio	Aprobación definitiva da composición da Comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio
25 / 10 / 2023	Acta reunión do decanato da Facultade de Comercio	O decanato da Facultade de Comercio	Fixar data e actuacións da primeira xuntanza da Comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio
03 / 11 / 2023	Acta reunión da Comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio	Comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio	Propostas de liñas estratéxicas e acción do Plan Estratéxico para a toma de acordos
17 / 11 / 2023	Acta reunión da Comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio	Comisión do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio	Primeiras correccións do Plan estratéxico e acordos acadados
20 / 11 / 2023	1º borrador do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio	O decanato da Facultade de Comercio	Avances e traballos de redacción do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio
28 / 11 / 2023	2º borrador do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio	O decanato da Facultade de Comercio	Corrrecións dos trocos consensuados
01 / 12 / 2023	Acta reunión da Comisión do plan estratéxico da Facultade de Comercio	Comisión do plan estratéxico da Facultade de Comercio	Revisións dos derradeiros trocos e toma de acordos
05 / 12 / 2023	Acta da Comisión de Calidade da Facultade de Comercio	Comisión de Calidade da Facultade de Comercio	Validación do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio
14 / 12 / 2023	Acta da Comisión Permanente da Facultade de Comercio	Comisión Permanente da Facultade de Comercio	Aprobación da proposta do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio
19 / 12 / 2023	Acta da Xunta de Facultade da Facultade de Comercio	Xunta de Facultade da Facultade de Comercio	Aprobación definitiva do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio
22 / 12 / 2023	Páxina web da Facultade de Comercio	Decanato da Facultade de Comercio	Publicación do Plan Estratéxico da Facultade de Comercio